

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A CRUZ VERMELLA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS CONXUNTAS A PROL DAS PERSOAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE, ASÍ COMO DA SOCIEDADE DA ÁREA SANITARIA DE FERROL EN XERAL

En Ferrol, a 15 de marzo de 2024

REUNIDOS

Dunha parte don Julio García Comesaña, Conselleiro de Sanidade e Presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade co Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e do Decreto 137/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, don Manuel Viqueira Vereas, en calidade de presidente provincial de Cruz Vermella na provincia de A Coruña, en virtude do seu nomeamento por parte da presidencia de Cruz Vermella o 23 de maio de 2023 e das competencias que lle confire, domiciliada en A Coruña, c/Cruz Roja Española, 1 15002, con N.I.F. Q-2866001-G.

As partes recoñécense reciprocamente capacidade para outorgar o presente convenio, e para estes efectos

MANIFESTAN

Primeiro.- Que de conformidade co previsto no artigo 92 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde creado pola Lei 1/1989, de 2 de xaneiro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o idóneo desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia configúrase como organismo autónomo de natureza administrativa adscrito á Consellería de Sanidade.

Segundo.- Que a Cruz Vermella é unha Institución humanitaria de carácter voluntario e interese público considerada como entidade beneficiaria do mecenado para os efectos previstos no artigo 16 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Terceiro.- Que de conformidade coa súa norma estatutaria, son fins da Cruz Vermella, entre outros, a difusión e defensa dos Dereitos Humanos, o Dereito Internacional Humanitario, os Principios de Cruz Vermella e a atención ás persoas e colectivos máis vulnerables da nosa sociedade. A través da posta en marcha de proxectos e iniciativas a institución contribúe a respectar a dignidade das persoas e ao cumprimento dos seus dereitos; a mellorar o seu benestar; á protección do medio ambiente; á prevención de desastres, tanto á asistencia como á

resiliencia; á paz e á resolución de conflitos; e, en definitiva, a conseguir o benestar da Humanidade e do Planeta para a presente e futuras xeracións.

Cuarto.- Que a Consellería de Sanidade, a través do Servizo Galego de Saúde, sensible aos fenómenos que poidan redundar nunha maior cohesión social, recoñece o importante papel da Cruz Vermella para protección e a mellora das vidas das persoas vulnerables, e, por outro, á sensibilización sobre a misión e principios da institución. Por iso, sendo consciente da necesidade de promover e coordinar actividades dende postulados flexibles que permitan unhas regras básicas para o desenvolvemento da súa acción, en campos como a saúde, está interesada en colaborar coa devandita entidade na área sanitaria de Ferrol.

Quinto.- Que co propósito de instrumentar unha acción coordinada en todos os campos de actuación, ambas partes de mutuo acordo, deciden subscribir o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto do presente convenio establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde – Área Sanitaria de Ferrol e a Cruz Vermella para o desenvolvemento de accións conxuntas a prol das persoas en situación de vulnerabilidade, así como da sociedade da área sanitaria de Ferrol en xeral.

Segunda.- Alcance

É propósito deste compromiso o realizar actividades e proxectos de colaboración en asuntos que resulten de interese e que impacten positivamente na Área Sanitaria de Ferrol, entre outros os seguintes:

- Proxecto "*CRECE*" para detección e atención de casos de soidade non desexada así como de persoas en situación de vulnerabilidade.
- Proxecto "*Enredando*" para desenvolvemento da autonomía dixital de persoas maiores na contorna do Hospital e dos Centros de Saúde da área Sanitaria.
- Formación Profesional: información sobre as necesidades de realización de prácticas dos ciclos sanitarios que imparte a Cruz Vermella.
- Accións e campañas de sensibilización e información a usuarios e profesionais da área Sanitaria para levar a cabo no hospital e nos centros de saúde e a súa contorna

Terceira.- Obrigacións das partes

A Cruz Vermella e o Servizo Galego de Saúde – Área Sanitaria de Ferrol comprométense a colaborar activamente no desenvolvemento das accións de colaboración enunciadas na cláusula precedente, dando publicidade ás mesmas e implicándose nas reunións de coordinación que se convoquen por ambas partes.

Cuarta.- Relacións con terceiros

Os contratos que Cruz Vermella concerte con terceiros para o desenvolvemento do presente convenio non serán fonte de obrigacións para o Servizo Galego de Saúde – Área Sanitaria de Ferrol.

Nos contratos de calquera índole que Cruz Vermella formalice con terceiros deberá figurar expresamente que estes non adquiren dereitos de ningún tipo co Servizo Galego de Saúde – Área Sanitaria de Ferrol.

Farase constar, tamén expresamente, que os devanditos contratos extinguíranse ao finalizar o convenio, ou ben no intre en que este se resolva por calquera das causas que nel se establecen.

A subscrición do presente convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo do persoal da Cruz Vermella, nin de terceiros con quen esta contrate, cos profesionais do Servizo Galego de Saúde, con carácter xeral, nin concretamente cos da Área Sanitaria de Ferrol en particular, de tal xeito que a Cruz Vermella non poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta, por actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do convenio.

A subscrición do presente convenio non dá dereito nin á Cruz Vermella, nin aos terceiros con quen esta contrate, ao emprego, uso, ou acceso, de xeito directo ou indirecto a ningún dos sistemas de información sanitaria do Servizo Galego de Saúde - Área Sanitaria de Ferrol, con especial referencia á historia clínica dos pacientes.

O persoal que participe no desenvolvemento do presente convenio seguirá baixo a dirección e dependencia de Cruz Vermella, sen que en modo algún tal relación se modifique en virtude do presente convenio.

Quinta.- Divulgación

Os actos relativos á información e comunicación das diversas actuacións realizadas ao amparo do presente convenio, así como os termos nos que se fará pública este convenio de colaboración estableceranse e autorizaranse polo Servizo Galego de Saúde – Área Sanitaria de Ferrol e pola Cruz Vermella de forma conxunta, comprometéndose a efectuar aquelas accións de promoción e divulgación acordadas, co gallo de dar a coñecer esta colaboración.

En todo caso, o uso e emprego da imaxe corporativa institucional da Xunta de Galicia, da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde, deberá respectar o disposto no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Sexta.- Comisión mixta de seguimento

Ao obxecto de velar polo cumprimento xeral das cláusulas do presente convenio e coordinar as accións previstas, créase unha comisión mixta entre a Área Sanitaria de Ferrol e a Cruz Vermella, integrada:

- Por parte da Área Sanitaria de Ferrol, a persoa titular da Xerencia da Área, ou persoa en quen esta delegue, que actuará como presidente/a da comisión e terá voto de calidade en caso de empate, e unha persoa, técnica, nomeada pola Xerencia que actuará como secretario/a con voz e voto.

- Por parte da Cruz Vermella, pola persoa que ostente a presidencia da mesma, ou persoa en quen esta delegue, e unha persoa, técnica, nomeado por aquela.

Serán funcións xerais desta comisión:

- A coordinación e avaliación do desenvolvemento do presente convenio.
- O estudo e asesoramento respecto de cantas cuestións sexan sometidas á comisión por calquera das partes.
- A proposta de prórroga do convenio ou da súa rescisión.

Esta comisión reunirse por solicitude dunha das partes asinantes e nas circunstancias excepcionais que así o aconsellen.

Sétima.- Financiamento

O presente convenio non conleva compromiso de gasto para as partes, e por este motivo non precisa consignación orzamentaria.

Oitava.- Autorizacións especiais de uso de espazos

As autorizacións de uso de espazos, terán carácter excepcional, e outorgaranse en precario, podendo ser revocadas libremente en calquera momento, sen que a Cruz Vermella teña dereito a indemnización algunha.

Novena.- Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio:

1. O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas do presente convenio.
2. O mutuo acordo das partes.
3. A denuncia expresa dunha das partes cun previo aviso como mínimo dous meses.
4. A desaparición das circunstancias que deron orixe ao mesmo.
5. A imposibilidade sobrevida, legal ou material, de cumprir os deberes derivados do obxecto do convenio.

Décima.- Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha vixencia inicial dun ano. En conformidade co disposto polo artigo 49.h.2º da Lei 40/2015, do 1 de outubro, as partes poderán acordar a prórroga do presente convenio por ata 4 anos, e sempre con anterioridade á data de vencemento do prazo previsto no apartado anterior e mediante a súa formalización por escrito.

Undécima.- Reversión e acta de entrega

A extinción do presente convenio por calquera causa das indicadas producirá a inmediata reversión á Área Sanitaria de Ferrol dos bens, medios e recursos que se puideran ter posto a disposición de Cruz Vermella.

Duodécima.- Natureza xurídica do convenio

O presente convenio ten natureza xurídica administrativa e rexerase pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas e pola Lei

40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como pola normativa sobre a materia obxecto deste convenio.

En concordancia co establecido no artigo 27 da Lei 8/2008, do 10 de xullo de saúde de Galicia, é do previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, este convenio queda fóra do ámbito de aplicación da lei de contratos, sen prexuízo da aplicación dos principios recollidos no artigo 4 da devandita lei para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse na interpretación das cláusulas deste convenio.

Décimo terceira- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das partes para que a Administración Pública Autonómica Galega poida facer públicos os datos de carácter persoal que figuren recollidos nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En proba de conformidade con canto antecede, asinan o presente convenio por triplicado exemplar na data e lugar indicados no seu encabezado,

Polo Servizo Galego de Saúde

(P.D. Acordo do 22.11.2023)

O xerente da Área Sanitaria de Ferrol

Ángel José Facio Villanueva

Pola Cruz Vermella

O Presidente Provincial de Cruz Vermella

Manuel Viqueira Vereia